

Apostando por unha proposta que supera o relativismo minifundista: EPIFANÍA. Con tod@s e para tod@s

Cantos

Panxoliñas

Abrindo os ollos e mirando aos lados

O ciclo do Nadal achéganos hoxe a perspectiva dunha fe universal e superadora de fronteiras. E nun mundo onde sobran palabras e faltan feitos, esta festa de hoxe debería levarnos a reflexionar sobre cal é a nosa actitude respecto a esta universalidade que nos trae o nacemento de Xesús. El insiste en que non somos nin europeos nin africanos nin ..., senón persoas e irmáns. Iguais en dignidade e plurais en vivencias, comportamentos ou linguas. Como fixeron aqueles magos, prostrémonos tamén ante o Deus que rompe fronteiras para irmandar persoas!

Corazón misericordioso

- Grazas, facernos ver que as fronteiras separan e dispersan. **Señor, que nos afastemos de canto nos enfronta.**
- Grazas, por facernos sentir a irmandade que nos iguala como persoas e irmáns. **Cristo, que nos afastemos de canto nos enfronta.**
- Grazas, por facernos visibles e preocupad@s por que temos ao lado. **Señor, que nos afastemos de canto nos enfronta.**

Palabra encarnada

- Reis e Epifanía, dúas palabras para unha mesma celebración: acoller a Deus con alegría e sen poñer separación. Pero que difícil é!, como nos custa vivilo! Pero aquí está a consecuencia de afirmar que queremos seguir o vieiro que nos viu traer a Encarnación. Deus

encárnase facéndose un dos nos@s única e exclusivamente para ofrecernos o seu proxecto de amor e salvación sen exclusións para tod@s. Polo que a fe non é costume nin tradición; tampouco se herda, senón que se vive e actualiza cada hora coas nosas actitudes e comportamentos, cos nosos momentos do compartir comunitario, coa nosa oración confiada e desde a vida. Deus ofrécesenos, de nós depende acollelo ou non.

- Os magos entendérono perfectamente, por iso se puxeron en camiño buscándoo. E tanta foi a súa insistencia que conseguiron atopalo, e diante Del, e con sinxeleza recoñeceron a forza da súa mensaxe e a transformación das súas vidas. No ouro, incenso e mirra fanse presentes as vidas de todos e todas, por riba de continentes, linguas ou estilos de vida. Eles foron capaces de superar fronteiras, de poñerse en camiño, de non deixarse vencer polo “statu quo” clasista daquel tempo e tamén deste noso tempo. Simplemente buscaron, atoparon e recoñecérono. E neste recoñecemento sentíronse enfortecidos para seguir estendendo a proposta, sinxela, pobre e universal do Deus que quixo/quere compartir as ledicias e tristuras dos homes e mulleres do noso tempo e de tódolos tempos. Traballemos tamén nós por continuar con esta acollida e transmitila aos que veñen tras nós.
- E fagámolo coa alegría e sinxeleza do corazón coa que os nen@s descubren os agasallos que, froito do esforzo e traballo, nada é froito da casualidade, alguén lles deixou pensando neles. Deixémonos contaminar pola inocencia de que segue crendo que é posible un mundo de gratuidade, agasallo e tenrura; un mundo que encha os corazóns e nos afaste do desencanto de quen está de volta de todo e é incapaz de poñer esperanza e compromiso na súa vida. Se Deus, viu, se María o acolleu e os magos o recoñeceron. Por que nós non imos seguir facendo o mesmo uns cos outr@s? Acheguémonos, acollámonos e recoñezámonos iguais e necesitados uns dos outros/as.

Pés no chan e confianza en Deus

Na ilusión de este día no que a luz de Deus e fai universal, digamos xunt@s :

Que saibamos recoñecerte presente nas persoas

- Para que entre tod@s construíamos unha Igrexa de persoas e polas persoas. Oremos.

Que saibamos recoñecerte presente nas persoas.

- Para deixemos que nas nosas comunidades sexamos tamén nós persoas que sabemos achegarnos e ofrecer o mellor dos noso presentes: a alegría e a gratuidade. Oremos.

Que saibamos recoñecerte presente nas persoas.

- Para que non deixemos que creza en nós a indiferenza que fai invisibles as persoas que están solas ou pasan por momentos tristes e duros nas súas vidas. Oremos.

Que saibamos recoñecerte presente nas persoas.

Alenta, Señor, o noso esforzo par non facer da fe recuncho que exclúe e non acolle. Por Xesucristo, o noso Señor.

Aquecendo o corazón

Señor, como os magos tamén nós queremos achegar os nosos presentes. Non presentamos nin ouro nin incenso nin mirra, senón a sinceridade de converter en vida real e concreta a túa mensaxe.

Traemos ante o portal a loita pola solidariedade nun mundo egoísta e pechado; o traballo constante pola igualdade entre as persoas sen distinción de xénero, raza, lingua, cultura ou formación; e non queremos deixar de traer tamén ao portal o esforzo que queremos poñer tamén cada día para que ao noso redor non haxa persoas invisibles, esquecidas e utilizadas polos poderosos para os seus fins.

Que saibamos ser voz de quen non ten voz e ollos de quen non pode mirar a vida desde a liberdade á que nos chamas e invitas a construír as nosas vidas.

Grazas, Señor, por acollernos, tamén hoxe, ante o teu portal!